

## *Steady State*

*Miguel Seoane*

A ciencia e a arte sempre mantiveron vínculos moi estreitos e camiños paralelos non só pola influencia recíproca dos descubrimentos e innovacións técnicas duns e outros senón tamén polo “modo de facer”, moitas veces conflúen por un lado a liberdade do artista e por outro a ordenada metodoloxía científica e tamén en numerosas ocasións esa fronteira difusa que existe entre ambas as dúas e traspasada desde os dous lados, o humano creativo necesita cambiar o seu punto de vista respecto ós obxectos, as ideas, a xente...

Pero o anhelo cognoscitivo de ambos os dous tamén os leva a buscar en novas formas de expresión, tecnoloxías, ferramentas, correntes... a creatividade é un monstro voraz que necesita alimentarse constantemente.

Os artistas e os científicos buscan, desde que a arte é arte e a ciencia é ciencia, compartir o seu coñecemento e sobre todo establecer novas relacións que lles abran as portas a outras formas de expresión e de coñecemento.

O acceso a distintas culturas e sociedades de forma rápida e sinxela é un piar no que se basea a busca do pensamento e o coñecemento global.

Ata hai poucos anos o acceso a outras culturas pasaba por que o suxeito se trasladase fisicamente ó país ou sociedade anfitrión e unha vez alí desenvolver o seu traballo, isto

achegáballo primeiro un afastamento da cotidianidade, un encontro con xentes que compartían as súas mesmas inquiredanzas, outras formas de traballar e sobre todo a congregación de mentes creadoras, que funciona como estímulo á creatividade, con todas as posibilidades de elección que isto xera. Hoxe en día esta distancia xeográfica podería salvarse grazas ás novas tecnoloxías da información coma Internet, pero entón, ¿por que segue habendo unha emigración masiva dos nosos pensadores e non logramos pórllle solución a esta perda de cerebros?

Poderíamos catalogar os fenómenos migratorios e decatariámonos que a maioría das migracións obedecen a razóns biolóxicas (por que non, se é un fenómeno que se reproduce en moitísimas outras especies naturais) e socio-políticas aínda que ás veces estas razóns permanezan ocultas na raíz.

Estas causas responden a unha especie de equilibrio natural do sistema económico global, as diferenzas económicas entre as distintas zonas do planeta, a miseria e a falta de recursos (busca de alimento ancestralmente) xeran un lóxico movemento masivo da poboación para zonas que lles aseguren a supervivencia.

A busca do equilibrio dos ecosistemas ó que nos ten afeitados o planeta non responde só ós patróns biolóxicos senón que funciona a outros niveis, coma o sociolóxico e o político.

En contra do que podería parecer nun principio, este proceso beneficia a ambas as partes, algúns especialistas consideran que, ó rexistrarse en varios dos seus países unha alarmante baixada na natalidade, a inmigración é vital para asegurar o crecemento demográfico ou, en calquera caso, evitar a baixada da poboación.

Nalgúns países como por exemplo Alemaña o feito de que non descendese o seu número de habitantes se debe exclusivamente ó fluxo inmigratorio, que no caso deste país é orixinario principalmente de Turquía e os Balcáns. Aparentemente, este feito non tería moita relación coa moito máis reducida migración de pensadores, científicos artistas e, en xeral, autoridades, pero se extrapolamos esta situación á fuga de cerebros sucede que por exemplo se en Estados Unidos (a meca dos investigadores) desaparecesen estes “cerebros inmigrantes”, o azoute sumiría o país nun declive ó que sería moi difícil facer fronte. Segundo algunhas estimacións, máis da metade dos investigadores posdoutorais en laboratorios científicos estadounidenses naceron no estranxeiro. A inseguridade é a norma, xa que a maioría se financia con bolsas de investigación e unha boa parte reside en EE.UU. con visado temporal. Mentres tanto, moitos estadounidenses consideran que os científicos de orixe estranxeira supoñen un risco para a seguridade: non porque estean aquí, senón porque se poden marchar. Dependemos deles, conclúe un informe preliminar elaborado por unha comisión de traballo da National Science Board, polo que o seu incerto estatus de residencia implica, en si mesmo, un risco para a seguridade económica nacional.

A UE e mais Estados Unidos constitúen os principais destinos da migración internacional. A migración de científicos, intelectuais, artistas, técnicos, deportistas, etc. do Terceiro Mundo constitúe un prexuízo para os países non desenvolvidos e un dos fenómenos que contribúen a manter a pobreza.

O paralelismo entre ciencia e arte tamén se apalpa nas emigracións masivas aínda que no caso da arte case sempre se viron vinculadas a autoritarismos políticos que tentaban castrar o libre pensamento que podía ameazar o control do pobo.


Entre moitísimos casos deste tipo de exilio concóntrese por exemplo o que sufriron en Europa numerosos artistas coa aparición do nacional-socialismo en Alemaña.

A partir da toma de poder por Hitler e o seu partido nazi comezou a sistemática persecución dos “non arios” e da xente cun pensamento non acorde co dogma nazi. Isto incluía por suposto os creadores que buscaban camiños e linguaxes artísticos de avanzada, como tamén os intérpretes que levaban esta linguaxe ó público. Inventaron os nazis a denominación *entartete Kunst* (arte dexenerada) na cal incluíron ata a Mendelssohn pola súa orixe xudía.

Comezou entón, a comezos da terceira década do século 20, unha masiva emigración de artistas alemáns que viron pechadas todas as posibilidades laborais, e posteriormente viron mesmo ameazadas a súa liberdade e a súa vida. Pouco máis tarde sucedeu o mesmo cos seus conxéneros austríacos, checos, polacos, ó seren os seus países ocupados polos nazis. Isto significou un empobrecemento total de centros culturais tales como Berlín, Viena, Praga, cuxas personalidades artísticas emigraron a distintas partes do mundo: unha gran parte ós Estados Unidos, tamén a Inglaterra e a América Latina.

Volvendo ás causas que xeran os fenómenos migratorios, encontrámonos en que a migración de talentos funciona tamén como unha ferramenta de regulación da economía. Existe un proceso común na evolución económica de calquera civilización, un país en des-

envolvemento necesita capital e man de obra para producir máis e alcanzar así un estatus económico superior, pero chega un momento no que as economías desenvolvidas acadan o chamado "steady state" e, a partir de aquí, a cualificación xa non só necesita capital económico senón capital humano, non se pode producir máis pero si máis barato, só se medra cun adecuado investimento en I+D e infraestruturas.



É aquí onde nos cambaleamos, España inviste arredor dun 1% do seu produto interior bruto en investigación, a media europea é máis do dobre, isto xera que esteamos á cola en número de científicos por cada 10.000 habitantes, o nivel de investimento en I+D é practicamente nulo e a miúdo se cualifican como I+D proxectos que son só "control de calidade".

En España fórmanse miles de investigadores cada ano que rematan traballando no estranxeiro pola falta de oportunidades aquí. As condicións en todos os aspectos son mellores noutros países. A proba do pouco atractiva que é España para os investigadores está en que practicamente ningún científico estranxeiro quere vir ó noso país a investigar, mentres que hai centos de investigadores españois, moi bos, traballando no estranxeiro.

Este proceso a nivel científico podería compararse ó que sucede coas vangardas na arte, fai falta un desenvolvemento das técnicas e o pensamento para poder seguir producindo unha arte vangardista e non quedar estancado, o que sucede é que moitas veces o artista se converte deste modo en científico, por falta de apoio institucional e sobre todo de plantas de investigación, deste modo ten que desenvolver el mesmo as ferramentas físicas e intelectuais que lle permitan seguir realizando o seu traballo, polo que este se ve seriamente retardado no tempo. Non nos queda máis remedio que recoñecer que os artistas están tamén metidos nese enorme saco económico e que todas as flutuacións da balanza buscando o equilibrio lle afectan á creación.

Desde hai uns anos e sobre todo a partir de iniciativas privadas están a florecer no noso país os equivalentes a estas plantas de investigación científica pero enfocadas ó desenvolvemento creativo e artístico, as grandes cidades xa acollen espazos de investigación ou comunidades que teñen como fin non só o congrega o pensamento e as actividades artísticas dos seus colaboradores, senón dotar dun espazo de presión e nalgunhas ocasións lograr o devedido apoio das institucións. Algúns xa alcanzaron unha repercusión enorme como *Hangar* en Barcelona ([www.hangar.org](http://www.hangar.org)), *zemos 98* en Sevilla ([www.zemos98.org](http://www.zemos98.org)) ou *alg-a* en Galicia ([www.alg-a.org](http://www.alg-a.org)).


*Hangar* conta con espazos e bolsas de residencia para artistas estranxeiros e desta forma desmárcase como un dos poucos espazos estables que existen en España para atraer a "cerebros" doutras partes do planeta, así mesmo tamén conta coa posibilidade de exportar os nosos artistas a países como Italia, Holanda ou México, entre outros. Tamén hai que dicir que conta co apoio da Universidade e da Generalitat de Catalunya e que Barcelona se salva un pouco desta falta de interese pola

innovación que existe no resto do país, por pór un exemplo, a plataforma artística Konic THTR, dedicada á utilización de tecnoloxía interactiva en proxectos creativos, conta co apoio do Institut Catalá de lles Industries Culturais e do departamento de cultura da Generalitat pese a ser unha iniciativa privada.

Se analizamos o problema da xestión de talentos en Galicia observamos que hai moita iniciativa pero moi poucas posibilidades de a implementar, ó non existir unha infraestrutur que apoie as iniciativas artísticas (sobre todo en arte dixital ou na investigación de tecnoloxía aplicada á creación, campos nos que dispomos dun valioso capital humano pero nos que as ferramentas son excesivamente custosas); o artista debe emigrar e realizar fóra o seu traballo, noutro sitio onde o acceso á tecnoloxía sexa máis inmediato e accesible economicamente e onde xa estean a funcionar correctamente as canles de acceso.

Por outro lado, a obra que se realiza respecto ó tema das migracións adoita enfocarse unidimensionalmente e con moita frecuencia

1



baixo un punto de vista antropolóxico ou histórico, deixando de lado a escabrosa perspectiva da propia emigración, se cadra nun intento de autoengano para evitar, desta forma, admitir que na nosa cultura seguen aínda moi vixentes arcaicas ideas coma a do prestixio internacional. Non queremos vernos como aqueles emigrantes que volvían á súa terra cun flamante coche que previamente tiñan que alugar para dar a sensación de que todo marchaba perfectamente.

En Galicia xéranse creacións de enorme valor artístico, dispomos de potencial creativo e proba diso é a cantidade de obras que se expoñen de galegos emigrados e a presenza cada vez maior dos nosos talentos fóra das nosas fronteiras (véxase por exemplo o número de galegos que participan en eventos tan vangardistas coma o festival SOAR), o que tamén nos fai pensar na pouca valoración que existe aquí da obra propia, un artista non se consagra ata que permanececeu fóra un tempo en cidades carismáticas coma Londres, Barcelona, Nova York, etc...

Porén, esta situación é ficticia, xa non lle podemos achacar o descoñecemento da vangarda ó sedentarismo xeográfico, temos abertas as fronteiras da creación grazas a Internet e as comunicacións, existe a posibilidade de xerar ciclos de conferencias, talleres, intercambios, exposicións de artistas estranxeiros e festivais (Universium, IFI, Sinsal, MARCO, CGAC...), e pouco a pouco van aparecendo institucións e espazos de apoio, aínda que habitualmente están máis dirixidas a empresarios que a artistas.

Só fai falta que dunha vez por todas se comece a crear esa infraestrutur da que carecemos e que o capital económico que se destina a tales fins se canalice dunha forma máis intelixente pensando non só no presente senón en abrir posibilidades ó futuro cultural.

A comunidade *alg-a* xorde precisamente como resposta ó problema que abordamos, ante o feito de que moitos artistas galegos debían estudar e buscar a fortuna noutros lugares, este colectivo creou unha comunidade virtual que se convertería nun espazo de reunión para manter o contacto artístico e abolir desta forma a fuxida de talentos, a pretensión de *alg-a* cara a un futuro a curto e medio prazo e que este espazo se converta nunha especie de laboratorio físico no que se poida traballar en proxectos conxuntos aínda que sexa a través da autoxestión.

Recíbense constantemente fondos rexionais e europeos destinados a potenciar as institucións artísticas, aínda que moitas quedan no camiño hai que investilas rapidamente e con demasiada frecuencia destínanse a proxectos teóricos inútiles que quedarán nos andeis dos corredores da universidade ou a exquisitas merendas para políticos.

A universidade e a educación en xeral tamén teñen moito que ver en todo isto, constantemente se fomenta máis a cultura do éxito (entronamento) do funcionario en detrimento da creatividade. A diferenza da cultura anglosaxona, a creatividade está aquí pouco valorada e o tipo de educación que recibimos é castrante respecto a ela, psicólogos, pedagogos e educadores non teñen ningunha dúbida de que o noso sistema educativo é un potente inhibidor da creatividade. Estudos realizados con nenos de primaria poñen de manifesto que os niveis de creatividade dos nenos de tres anos que ían comezar a educación primaria caían enormemente xa antes de comezar o ciclo seguinte.

Aínda que o DCB (diseño curricular base) e os proxectos educativos fan fincapé na necesidade de fomentar a creatividade e a imaxinación non hai un control real sobre isto e na práctica educativa atopámonos con que un alumno excesivamente creativo é un estorbo

para o profesor e os proxectos que se realizan para dotar de liberdade ó alumnado foron un fracaso rotundo (A cidade dos rapaces, Ourense). Así é que unha mente creativa non ten máis remedio que fuxir dunha sociedade que a inhibe.

O contorno universitario tampouco favorece moito este desenvolvemento creativo e aínda que lles proporciona ós seus catedráticos e profesores tempo para a investigación, esta se redúcese a artigos teóricos e moi pouco traballo práctico, tampouco hai moitos traballos de interese xeral co que se xera moita información moi especializada, o que dificulta o coñecemento transversal entre distintas disciplinas.

En relación á educación, o sistema universitario está cheo de lagoas e deixamento, os temarios están obsoletos, os profesores non teñen unha obriga clara de se reciclar e cando un estudante remata a súa formación universitaria non lle queda máis remedio que rematar de se formar.

As solucións que existen para os estudantes son as bolsas (Erasmus, Séneca...), que por suposto fomentan máis esa sensación de que aquí non ocorre nada interesante e que o prestixio profesional se logra no estranxeiro... cando realmente o interesante é o chamado "know how", orientar estas saídas ó estranxeiro non como unha solución final senón temporal, servirnos doutras culturas para importar coñecemento, técnicas de fóra e así poder desenvolver aquí o traballo, a innovación, xerar novas propostas... O que ocorre é que a volta á nosa terra nos recibe con escepticismo ante o descoñecido, pouco interese e desconfianza ante os novos métodos e sobre todo falta de recursos e infraestruturas, ningún quere investir en ideas novas.

É importante tamén pór encima da mesa a situación dos bolseiros españois, todo investi-

gador debe ter dereito á cobertura social de calquera traballador e isto non sucede no noso país, tras numerosas mobilizacións houbo tímidos intentos por parte das administracións central e autonómicas por mellorar a súa situación, pero seguimos estando á cola da Comunidade Europea. Neste aspecto é moi importante o labor que realiza Eurodoc e a Federación de Novos Investigadores-Precarios ([www.precarios.org](http://www.precarios.org)).

Finalmente ocorre que, moitas veces, volve o que se marchou en busca doutro tipo de aventuras, unhas liñas máis no curriculum, un pseudo-prestixio e nada novo que achegar aquí xa que esas tampouco eran as súas intencións de raíz ou simplemente se esvaeceu calquera esperanza de poder facelo.

Esperemos que nun futuro non moi afastado exista a oportunidade de traballar seriamente en proxectos artísticos e científicos de investigación e que o que se fugue non sexa o talento senón máis ben a meritocracia.

Con motivo da estrea no Teatro Solís de Montevideo, o 8 de outubro de 1941, da súa peza teatral "Os vellos non deben namorarse", e ante a súa ausencia, Castelao grava unha mensaxe en Bos Aires, nun sistema de rexistro chamado fonopostal, que vai dirixida á colectividade galega de Montevideo.

"...amigos, apenas separados por un tabique, non estou presente, pero creo que vos oio e que vós oídes o latexo do meu desacougo. Xa sei que as creacións do espírito non se adaptan ás fronteiras da nación e que as obras de arte voan coma os paxaros por encima das fronteiras, a arte non cabe dentro dos lindeiros políticos...".

## Documentación

- Kit de ferramentas: os científicos e a inmigración, Jim Austin
- 60 anos despois, Hanss Stein
- Wikipedia
- Colectivo alg-a
- Entrevista a Diego Muñoz Somoza
- Universia science
- Campusred (entrevista a Juan Antonio Gabaldón, vicepresidente de Eurodoc)
- A voz de Galicia, arquivo dixital.

---

## Ilustracións

- 1 Cortesía de Miguel Seoane